

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte nove de xaneiro de dous mil dezaeito ; as dez horas e quince minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro Dona María López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. –

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado quince de xaneiro de dous mil dezaeito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS 108/2018. RIB/ C/03/18-

Visto o escrito presentado por **Don Jesús Oitavén Barcala , secretario xeral técnico da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural . Secretaría Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** , con domicilio en Edificio Administrativo San Caetano Bloque 3, 2º , onde solicita Licenza para restauración do muro do adro da Reitoral de Santo André de Camporredondo .

Consta proxecto básico e de execución de Restauración do muro do adro da reitoral de Santo André de Camporredondo redactado polo arquitecto Don Manuel Seoane Feijoo , arquitecto Colexiado nº 1212 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Consta informe da Arquitecto Municipal de data 24 de xaneiro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 25 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia a Don Jesús Oitavén Barcala , secretario xeral técnico da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural . Secretaría Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria , con domicilio en Edificio Administrativo San Caetano Bloque 3, 2º , para proxecto básico e de execución de Restauración do muro do adro da reitoral de Santo André de Camporredondo redactado polo arquitecto Don Manuel Seoane Feijoo , arquitecto Colexiado nº 1212 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará restauración do muro do Adro da reitoral de Santo André Camporredondo

Contía na que se orzan as obras: 29.785,00 €euros

Situación e emprazamento das obras : Casa Reitoral de Santo André Camporredondo.

Clasificación urbanística do solo: Solo urbanode núcleo rural

Nome ou razón social do promotor: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (6) meses e o prazo de remate de tres anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIOExento en base ao Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede de 3 de xaneiro de 1979 e Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 5 de xuño de 2011.

OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras executaranse segundo proxecto básico e de execución de Restauración do muro do adro da reitoral de Santo André de Camporredondo redactado polo arquitecto Don Manuel Seoane Feijoo , arquitecto Colexiado nº 1212 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de seguridade e saúde recollidas na normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.

Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

-Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Primeira Ocupación.

Outorgamento licenza de obras 103/2018 RIB / C/01/18

Visto o escrito presentado por **Dona María del Rosario Rodríguez Vázquez** , onde solicita Licenza de Obras para instalación de tubaría de abastecemento de auga en Moreiras, San Cristovo .

Consta no expediente memoria descritiva das obras.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 15 de xaneiro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 22 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

Conceder licencia a dona María del Rosario Rodríguez Vázquez para instalación de tubaría de abastecemento de auga en Moreiras, San Cristovo.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:Tubaría de auga.

Contía na que se orzan as obras: 130,44 €

Situación e emprazamento das obras: Moreiras, San Cristovo.

Nome ou razón social do promotor: María del Rosario Rodríguez Vázquez

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 10/1/2018, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 42 euros, non procede a práctica de liquidación complementaria.

OUTRAS CONDICIONS.-

-Debe depositar un aval de 200 euros para garantir que o remate das obras o camiño quedará en bo estado.

Respecto da seguridade dos traballadores adoptaranse as medidas mínimas de seguridade e saúde, recollidas na Ordenanza Laboral de construción e demais normativa aplicable. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

LICENZA DE OBRAS RIB /N/08.8/11

Considerando que a xunta de goberno local en sesión de data 20 de xullo de 2015 concedeu licenza a don Pier Luigi Zenaro para reconstrución e ampliación de vivenda na Praza de San Xoán nº1 e Rúa Yañez nº30.

Considerando que en dito acordo ,por erro de transcripción figuraba :

“ Prazos. O prazo de inicio das obras non poderá exceder dun (1) mes e o prazo de remate dun ano (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión de licenza de obras”

Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas “ As administracións públicas poderán, asemade, rectificar , en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, aritméticos e de feito existentes nos seus actos”

Rectificar o acordo da xunta de goberno local de data 20 de xullo de 2015 no relativo aos prazos que pasa a decir:

“ Prazos. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión de licenza de obras”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.-

Visto o escrito presentado por don Antonio Fernández Fernández, en representación de “Carpintería Antonio Fernández SL” con rexistro de entrada no concello 140 de 10 de xaneiro de 2018 no que se indica”

Que con fecha 11 de diciembre de 2017, ha sido notificada esta parte Resolución, en virtud de la cual, desestima el Recurso de Reposición interpuesto por esta parte, contra las Cartas de pago con números de referencia 000335606 37 y 000037690041, cuyo concepto es “Tasa por ocupación subsolo terreos de uso público”

Es por ello que estimando dicha resolución perjudicial y gravosa, con carácter previo a la interposición de recurso contencioso administrativo, se presenta escrito de nulidad de actuaciones...”

Visto o acorda da Xunta de Goberno Local de data 27 de novembro de 2017 do seguinte teor literal:

- Escrito de don Antonio Fernández Fernández, en representación de Carpintería Antonio Fernández SL, con número de rexistro de entrada no concello 5573 de 22 de novembro de 2017, interponiendo recurso de reposición contra Resolución do concello de data de 26 de setembro de 2017 coas cartas de pago con número de referencia 0000335606 37 e 0000376900 41 correspondentes ao concepto “tasa por ocupación subsolo terreos de uso público”

Considerando que a acta notarial de presenza aportada acredita únicamente que o día 31 de outubro de 2017 ás doce horas e media o contenedor atópabase dentro do recinto da empresa.

Visto o artigo 77.5 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas:” os documentos formalizados polos funcionarios aos que se reconece a condición de autoridade e nos, que observándose os requisitos legais correspondentes se recollan os feitos constatados por aqueles farán proba de éstos salvo que se acredite o contrario”

Visto o artigo 7 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade:” no exercicio das súas funcións, os membros das Forzas e Corpos de Seguridade terán a todos os efectos legais o carácter de axentes da autoridade”

Visto o informe emitido polo Xefe da Policía Local de data 29 de setembro de 2017, que incorporase como motivación ao presente acordo, aos efectos previstos no artigo 88.6 da LPACAP e copia do cal dárase traslado ao interesado.

A xunta de goberno por unanimidade acorda:

-Desestimar o recurso de reposición interposto por don Antonio Fernández Fernández contra Resolucións do concello de data 26 de setembro de 2017, coas cartas de pago con número de referencia 0000335606 37 e 0000376900 41 correspondentes ao concepto “tasa por ocupación subsolo terreos de uso público”

Considerando que dito acordo non incurre en ningún dos supostos de nulidade de pleno dereito previsto no artigo 47 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, pero a explicitación da motivación poido ser insuficiente, cando menos non foi o suficientemente explícita para o cidadán interesado. Vista a Sentenza do Tribunal Constitucional 232/1992, de 14 de decembro (RTC 1992,232) que indica” es claro que el interesado o parte ha de conocer las razones decisivas, el fundamento de las decisiones que le afecten, en tanto que instrumentos necesarios para su posible impugnación y utilización en los recursos”

Vista a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

-artigo 109.1 :” As administracións públicas poderán revogar, mentras non teña transcorrido o prazo de prescripción, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis ,nin sexa contraria ao interese público ao principio de igualdade ou ao ordenamento xurídico.

-artigo 51: “ O órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións dispoñera sempre a conservación dos actos e trámites cuxo contido se tivera mantido igual de non cometerse a infracción”

Acordase deixar sen efecto o acordo da Xunta de goberno local de data 27 de novembro de 2017 , procedendo á retroacción das actuacións e acordar :

- Escrito de don Antonio Fernández Fernández, en representación de Carpintería Antonio Fernández SL ,con número de rexistro de entrada no concello 5573 de 22 de novembro de 2017, interponiendo recurso de reposición contra Resolución do concello de data de 26 de setembro de 2017 coas cartas de pago con número de referencia 0000335606 37 e 0000376900 41 correspondentes ao concepto “ tasa por ocupación subsolo terreos de uso público”

Considerando que a acta notarial de presenza aportada acredita unicamente que o día 31 de outubro de 2017 ás doce horas e media o contenedor atópabase dentro do recinto da empresa.

Visto o artigo 77.5 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas:” os documentos formalizados polos funcionarios aos que se reconece a condición de autoridade e nos, que observándose os requisitos legais correspondentes se recollan os feitos constatados por aqueles farán proba de éstos salvo que se acredite o contrario”

Visto o artigo 7 da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade:” no exercicio das súas funcións, os membros das Forzas e Corpos de Seguridade terán a todos os efectos legais o carácter de axentes da autoridade”

Vista a Sentenza do Tribunal Supremo de datga 30 de xaneiro de 2015 (rec 162/2014) “ la existencia de dudas acerca de la actuación de los agentes de la autoridad la resuelve el artículo 137 de la Ley 30/1992 cuando dispone que los hechos constatados por funcionarios a los que se reconoce la condición de autoridad , y que se formalicen en documento público observando los requisitos legales pertinentes, tendrán valor probatorio sin perjuicio de las pruebas que en defensa de los respectivos derechos o intereses puedan señalar o aportar los propios administrados , de tal manera que tratándose de agentes de la

autoridad que se han ratificado en su declaración inicial, si se han cumplido los requisitos formales debe entenderse destruida la presunción de inocencia”

Vista a Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de marzo de 1992, citada pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 104/2005 de 16 de febreiro (rec693/2003) “ el acta o denuncia constituye por sí misma un documento de valor probatorio privilegiado por expresa disposición legal, cuando ha sido válidamente emitida”

Visto o informe emitido polo Xefe da Policía Local de data 29 de setembro de 2017, que incorporase como motivación ao presente acordo, aos efectos previstos no artigo 88.6 da LPACAP e copia do cal dárase traslado ao interesado.

Considerando que as probas propostas polos interesados non poden desvirtuar o informe emitido polo Xefe da Policía local que dice”” la ocasionalidad viene producida diariamente y de forma continua en el período que se liquida , hasta el 14 de marzo del año en curso, fecha en la cual se traslada dicho contenedor de la vía pública, al interior del recinto de la empresa”

A xunta de goberno por unanimidade acorda:

-Desestimar o recurso de reposición interposto por don Antonio Fernández Fernández contra Resolucións do concello de data 26 de setembro de 2017, coas cartas de pago con número de referencia 0000335606 37 e 0000376900 41 correspondentes ao concepto “ tasa por ocupación subsolo terreos de uso público”

-Escrito de don Antonio Míguez Amil , traballador do concello, solicitando que se recoñeza a antigüidade tal como figura na data de alta no informe de vida laboral da Seguridade Social e equiparación do valor dos trienios. A xunta de goberno acorda:

- Recoñecer un trienio máis de antigüidade ao traballador don Antonio Míguez Amil , dado que houbo un erro no cómputo. No relativo á equiparación dos trienios actúase consonte ao acordado cos representantes sindicais.

-Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería.

-Escrito de don Evaristo Cruces Alvarez solicitando permiso para colocación de lápida conmemorativa en sepultura terreo 140 T no cemiterio municipal.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de dona Bibiana Rivera Rodríguez solicitando a reparación de vallas, baldosas e adecentamento do lugar no CPI de Ribadavia.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

-Resolución de concesión de subvención ao abeiro da Orde 21/07/2017 , subvencións accesibilidade 2017-2018 pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con discapacidade.

-Escrito de Sogama comunicando o cambio de persoa de contacto para asuntos relacionados coa transferencia e transporte de residuos.

-Sentenza do Penal nº 2 de Ourense condenando por delicto continuado de maltrato animal.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

TOMA COÑECEMENTO DE EXPEDIENTE DE XERACION DE CREDITOS Nº 17/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación e toma coñecemento da aprobación con data 29.12.2017, do expediente de xeración de créditos nº17/17, de acordo co seguinte teor:

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº17/17.-

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº17/17, por importe de 6.000 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

TOMA COÑECEMENTO DE EXPEDIENTE DE XERACION DE CREDITOS Nº 18/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación e toma coñecemento da aprobación con data 29.12.2017, do expediente de xeración de créditos nº18/17, de acordo co seguinte teor:

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº18/17.-

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº17/17, por importe de 69.577,81 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e a Federación Galega de Remo para a organización do Campeonato de España de Remo-Ergometro.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Clube Deportivo Aurum para a organización do LXXXIII Campionato de Galicia de campo a través absoluto, Sub23 e Sub20, individual e por equipos masculino.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once horas da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia